



Galicia

# GALICIA LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

ISSN 1989-3299

Nº 706 Semana do 28 de novembro ao 4 de decembro de 2016



O COMITÉ CONFEDERAL DE UGT APOIA AS MOBILIZACIÓNS CONVOCADAS

## UGT CONVOCA MOBILIZACIÓNS O 15 DE DECEMBRO PARA ESIXIR UN MELLOR REPARTO DA RIQUEZA E RECUPERAR DEREITOS

**Redacción.**- UGT, xunto con CCOO, ven de convocar en todo o Estado mobilizacións o día 15 de decembro e unha gran manifestación en Madrid o día 18 baixo o lema "As persoas e os seus dereitos: o primeiro".

Ambos sindicatos van esixir emprego de calidade; salarios dignos; pensións con garantía de poder adquisitivo e sostibles; e unha prestación mínima contra a desigualdade.

Son mobilizacións democráticas para esixir que se reparta doutro xeito a riqueza e recuperar dereitos. No Parlamento hai unha maioría de cambio e estas mobilizacións serven para lembrar aos grupos políticos que esta lexislatura será plantexada doutro xeito, cunha maior participación da cidadanía na vida pública.

UGT ten presa para solventar os problemas dos cidadáns porque a sociedade ten presa para solventalos. Hai que recuperarse e só se fará con unidade e forza.

O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou que o Sindicato está disposto a negociar dende hoxe co Goberno as políticas que necesita a cidadanía. A reforma laboral non funcionou. Hai que sentarse a negociar. Para UGT, non hai liñas vermellas, só se quere restablecer o equilibrio que se perdeu con esta reforma. Pero se o Executivo non quere negociar haberá que intensificar as mobilizacións.

### Comité confederal

#### Asemblea de Vigo

#### Asemblea de Ribeira

#### Asemblea de Ourense



A vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas e o secretario xeral da Federación de Industria, Construción e Agro de UGT (FICA-UGT), Pedro Hojas, como presidente da mesa, presentaron as conclusións do Primeiro Comité Confederal tras a celebración do 42 Congreso.

Cristina Antoñanzas sinalou que o Comité, máximo órgano do sindicato entre Congresos, "aprobuo as liñas estratéxicas que UGT vai seguir no próximos catro anos, emprego, protección social, pensións e salarios".

En canto ao emprego, Antoñanzas subliñou que demandamos ao Goberno que poña enriba da mesa cuestións como un plan de choque polo emprego, a derogación da reforma laboral ou o contrato de substitución, unha fórmula para incorporar a moitos mozos ao mercado laboral con emprego de calidade e unha pasarela á xubilación para os maiores de 55 anos.

Con respecto aos salarios, Cristina Antoñanzas manifestou que UGT vai pelexar para conseguir unha subida salarial cuxo obxectivo é recuperar o poder adquisitivo dos traballadores. Ademais da pinza proposta na negociación coa patronal, do 1,8 ao 3%, explicou, os sindicatos van reclamar unha subida do SMI que debe alcanzar os 800 euros en 2017 e unha subida progresiva para chegar aos



1000 ao final da lexislatura.

A vicesecretaria xeral de UGT destacou que o problema fundamental da Seguridade Social non é de gasto senón de ingresos. "E para lograr máis ingresos hai que crear emprego de calidade con cotizacións adecuadas, pero sobre todo hai que buscar financiamento.

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

Outra das cuestións que se trataron no Comité é o "da protección social e a necesidade de traballar para establecer un Novo Contrato Social destinado a restituír os dereitos sociais e laborais que perdemos".

Cristina Antoñanzas resaltou que, como resposta ás liñas vermellas establecidas polo Goberno ao comezo da negociación, o Comité Confederal ha ratificado as mobilizacións convocadas para o 15 e 18 de decembro porque

entende que é unha lexislatura para recuperar dereitos e na que haberá que traballar moi duro para chegar a acordos.

Neste sentido, finalizou, "apostaremos polo binomio negociación-mobilización, para que o Goberno saiba, de primeira man, que as propostas dos sindicatos teñen o respaldo da cidadanía".

### Asembleas previas ao 15D

Como paso previo ás mobilizacións con-

vocadas o día 15 de decembro en varias cidades e vilas galegas, UGT está a organizar en varias comarcas asembleas informativas coas que se pretenden explicar o porqué do 15D e cales serán as pautas a seguir polo Sindicato para reclamar un mellor reparto da riqueza e recuperar os dereitos perdidos na última lexislatura.

Deste xeito, onte xa se celebraron asembleas en Ribeira, Ourense e Vigo; ao longo do día de hoxe terán lugar en Lugo, A Coruña e Ferrol; e o día 12 e Santiago.

## ESTASE A CONSTRUIR A RECUPERACIÓN SOBRE OS PÉS DE BARRO DO EMPREGO PRECARIO

# UGT ADVIRTE DE QUE GALICIA APORTA CASE O 19 POR CENTO DO INCREMENTO DO PARO DE TODO O ESTADO

**Máis de 70.000 contratos no mes, con tan só 840.000 asalariados, evidencia o alto índice de rotación e precariedade**

**Redacción.-** Os datos do paro feitos públicos hoxe evidencian que se está construindo a recuperación sobre os pés de barro do emprego precario. Non se pode dicir que España teña saído da crise, a pesar dos recentes resultados positivos en termos de PIB, con case 3,8 millóns de persoas en paro no Estado e máis de 200.000 en Galicia, dos cales tan só do 51,7 por cento perciben algún tipo de prestación por desemprego.

UGT-Galicia advirte que a recuperación económica se está construindo sobre emprego precario e isto significa pan para hoxe e fame para mañá, á vez que aboca a millóns de persoas á pobreza laboral.

Urxe un cambio de políticas, apostando polos factores que permiten crecer a medio e longo prazo. Hai que afrontar un triplo reto para os vindeiros anos, inducir un crecemento máis equilibrado, sostible e integrador; xerar máis e mellor emprego, de calidade e con dereitos; e elevar o benestar e a calidade de vida de todos, con especial atención á corrección das desigualdades de todo tipo e a superación das bolsas de pobreza que a crise e as políticas aplicadas estenderon.

### VIXIANTES ANTE AS CONTRATACIÓNS DE NADAL

UGT-Galicia lembra aos traballadores, e con máis énfase ante as contratacións de nadal que, aínda que os seus contratos sexan temporais, teñen dereitos, incluído o de recibir formación, a prevención de riscos, axeitada aos seus postos de traballo, e que poden reclamar que estes se cumpran.

UGT-Galicia tamén lembra ao Execu-

tivo galego que nos Orzamentos da Xunta para o 2017 ten un bo instrumento para garantir un cambio de orientación de políticas económicas para xerar máis crecemento, emprego de calidade e a diminución das desigualdades.

Segundo os datos facilitados hoxe, o desemprego medrou en Galicia no mes de novembro un 2,32 por cento, 4.614 desempregados máis. Así, esta Comunidade ten un total de 203.554 desempregados. A evolución en Galicia é máis desfavorable que no resto do Estado, o paro medrou no mes un 0,66 por cento. Galicia achega, nada máis e nada menos, que o 18,6 por cento do incremento do paro do Estado.

En termos interanuais, en Galicia o paro baixou un 9,6 por cento, un 8,7 por cento no resto do Estado.

Por sexos, o aumento do desemprego repercute de igual xeito entre os homes que entre as mulleres, medrando un 3,12 por cento no caso masculino e un 1,68 por cento entre as mulleres. A pesar desta evolución, as mulleres seguen a ter maior peso no desemprego, acadando o 55,3 por cento do total. O mercado laboral, ao retomar unha senda de mellora, beneficia moito máis aos homes.

Por idades, o paro para os menores de 25 anos sitúase en 9.837 persoas, medrando mensualmente nun 5,9 por cento. No ano cae un 15,4 por cento, como consecuencia da saída de efectivos da nosa



Comunidade, así como, a falta de relevo xeracional.

Por sectores, o paro aumenta en todos, máis acusadamente en servizos, un 2,65 por cento. No ano contráese en todos.

En canto á contratación, no mes rexistráronse un total de 76.080 contratos, proba da rotación que se dá no mercado laboral galego, xa que o número de asalariados sitúase en torno a 840.000. Cae a contratación no mes nun 11,82 por cento e medra no ano un 11,8 por cento. A porcentaxe de contratación indefinida sobre o total é do 7,93 por cento. No Estado esta porcentaxe é do 8,9 por cento.

A cifra de beneficiarios con prestacións por desemprego e Galicia é tan só de 94.369, en valores mínimos. O carácter contributivo desta prestación está tamén en mínimos, tan só son 38.486 beneficiarios de prestación contributiva. A taxa de cobertura é do 51,7 por cento, moi por baixo do 54,1 por cento no Estado.

A media de afiliados á Seguridade Social é en Galicia de 968.544 afiliados cotizantes, un 0,31 por cento menos.



# OS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA O 2017 DEBERÍAN SER UN INSTRUMENTO PARA GARANTIR UN NOVO MODELO DE CRECEMENTO MÁIS EQUILIBRADO E SOSTIBLE E XERADOR DE EMPREGO DE CALIDADE

**Redacción.-** O pasado día 30 mantívose na Consellería de Fazenda unha xuntanza cos sindicatos relativa aos Orzamentos da Xunta para o 2017.

Como primeira valoración desta xuntanza, UGT-Galicia ten que criticar, un ano máis, que se convoque aos sindicatos sen achegarlles ningún tipo de documentación que lles permita coñecer as pautas das contas públicas galegas para o vindeiro exercicio.

Así, resulta moi difícil avaliar as contas, facer unha análise con precisión das mesmas e facerlles achegas obxectivas ás mesmas.

Aínda coa carencia destes datos, o que si ten claro o Sindicato é que os Orzamentos de 2017 deberían converterse nun instrumento ao servizo do demandado cambio de orientación de políticas.

As contas públicas do vindeiro exercicio deberían orientarse para garantir un novo modelo de crecemento máis equilibrado e sostible, xerador de emprego de calidade e que avance na diminución das desigualdades.

No contexto actual, é necesario un novo modelo fiscal máis xusto e progresivo. Unhas contas públicas ao servizo das persoas nas que a Xunta renuncie á austeridade e utilizar os incrementos dos ingresos como fórmula para mellorar a sustentabilidade das contas públicas e non actuar sobre os gastos públicos.

## Emprego de calidade

A aposta polo emprego de calidade debe ser prioritaria, o que esixe un cambio das políticas de emprego porque as actuais xa demostraron a súa ineficacia. As políticas actuais de emprego deben destinarse a elevar a empregabilidade das persoas en paro, non a bonificar a contratación das empresas.

A loita contra a pobreza tamén debe ser un obxectivo das contas públicas e, para iso, hai que traballar na liña da recuperación das prestacións sociais.



## MESA XERAL DE EMPREGADOS E EMPREGADAS PÚBLICAS DE GALICIA

### O Goberno Galego anuncia vontade de diálogo social pero convoca á Mesa Xeral de Empregados Públicos como reunión de trámite que degrada e conculca os dereitos de negociación colectiva

A FeSP-UGT de Galicia manifestou o seu rexeitamento á forma e contidos desta convocatoria, unha convocatoria remitida cun prazo de 48 horas e sen aportar ningunha documentación sobre as materias a tratar, o Capítulo I (orzamento de persoal da Xunta de Galicia).

Polo tanto o Goberno Galego anuncia a vontade de diálogo social pero convoca á Mesa Xeral de Empregados e Empregadas Públicos como reunión de trámite que degrada e conculca os dereitos de negociación colectiva.

É lamentable que a Xunta de Galicia persista nesta actitude de limitarse a unha información verbal que se concreta en:

O Director Xeral de Función Pública informa dun contexto económico con incertidume no 2017 e dun crecemento xeral do total dos Orzamentos da Xunta do 2,9%

para 2017, pero no ámbito dos empregados e empregadas públicos remítese á recuperación das pagas extras completas en 2017 (Acordo xa asinado en xuño de 2016), e ao incremento xeral de retribucións e de taxa de reposición que se aprrobe no Estado.

FeSP-UGT Galicia requirimos a convocatoria dunha Mesa Xeral que concrete no tempo as materias obxecto de negociación, manifestamos que os incrementos salariais e de taxa de reposición estatais deben ter carácter de mínimos. En definitiva instamos a restituir o dereito a negociación e determinar como, cando e de que se vai negociar para repoñer dereitos e recuperar salarios dos empregados e empregadas públicos de Galicia.

O Director Xeral de Función Pública non concreta data de reunión e se limita a ratificar a vontade de diálogo.

## Eixos de actuación

En definitiva, UGT-Galicia urxe ao novo Goberno da Xunta a que asuma unha serie de eixos de actuación que pasan por un plan de impulso da actividade económica, cambiando austeridade por crecemento; un plan de emprego vinculado tanto ao crecemento como a cobertura de necesidades sociais; un plan industrial de carácter es-

tratéxico e de catro anos; un plan estratéxico de infraestruturas; un plan de ingresos públicos que recupere unha parte do perdido dende o 2009; un plan de incremento do gasto social para rexenerar os recursos destinados a sanidade, educación, a protección das persoas dependentes, a protección social e as políticas de igualdade e todo o que conforma o denominado estado de benestar.

## JOSÉ ANTONIO GÓMEZ: “O SINDICATO TEN QUE PASAR Á OFENSIVA PORQUE HAI QUE GARANTIR QUE A RECUPERACIÓN CHEGUE A TODOS”

**Redacción.-** Este mércores unha representación da Comisión Executiva de UGT-Galicia mantivo unha xuntanza tamén cunha representación do Grupo parlamentario do PSDeG.

Este encontro serviu para que ambas organizacións puxesen enriba da mesa unha análise da situación actual e tamén para achegar posturas sobre as medidas que se deberían implementar para garantir que a recuperación macroeconómica á que se asiste chegue dunha vez por todas ao conxunto da cidadanía.

Así, o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, explicou que comezou a xuntanza cunha posta en común da sensación de preocupación polos últimos acontecementos políticos que tiveron lugar a nivel mundial, particularmente encabezados polos resultados electorais en Estados Unidos.

Neste senso, Gómez alertou sobre o crecemento dos chamados populismos, en moitas ocasións con matices ou principios xenófobos, que debería facer reflexionar aos dirixentes da UE. Para o secretario xeral de UGT-Galicia, trátase dunha consecuencia evidente da imposición das políticas de austeridade e recortes continuos que levaron a maiores cotas de desigualdade e á cidadanía a situacións límite ante as cales son moitos os que reaccionan, ante a desesperación, achegándose a opinións ou correntes que non son sempre as máis idóneas.

Baixando ao contexto de España e Galicia, ambos dirixentes reflexionaron sobre a nova situación económica, marcada pola recuperación a nivel macro, que non está a chegar ás familias. Por iso, urxe abrir unha etapa de recuperación de dereitos para todos e de amaño da anterior situación de austeridade ou sacrificio á que lle hai que poñer fin.



Apuntou que “UGT, como organización sindical, ten que pasar a unha postura máis ofensiva para conseguir que, precisamente, a tan publicitada recuperación macroeconómica chegue a todos”.

Precisou que, para iso, UGT marca unha serie de liñas de actuación que pasan pola derogación das reformas laborais e darlle de novo o protagonismo á negociación colectiva, sobre todo, incidindo nos convenio sectoriais.

O futuro e presente do sistema de pensións tamén se debe priorizar. Fixo fincapé en que se trata dun problema de ingresos, non de gastos, e, precisamente, no Pacto de Toledo ten que haber un acordo nesta liña, na das achegas ao sistema. Para o Sindicato, como se fai en moitos outros países, o financiamento das pensión non se pode limitar á vía de ingresos por cotas dos traballadores, habería que recurrir tamén aos Orzamentos Xerais do Estado. Tamén habería que darlle unha volta ao financiamento dos gastos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social que non poden seguir caendo do lado do peto das pensións, todo o contrario, teñen que ir por vía Orzamentos Xerais do Estado.

Na xuntanza tamén se analizou a situación de Galicia e situouse no centro os Orzamentos da Comunidade galega para o 2017. De feito, tamén este mércores tivo lugar a xuntanza en San Caetano na que a

Consellería adiantou as liñas estratéxicas aos sindicatos. Gómez denunciou que, un ano máis, esta xuntanza mantívose sen achegar documentación, polo que é moi difícil facer unha valoración das contas públicas.

O que si fixo o secretario xeral de UGT-Galicia foi adiantar as liñas polas que o Sindicato cre que debería camiñar as contas públicas galegas para o 2017. Debería ser un Orzamento social, no que se recollese un reforzamento dos servizos públicos; onde se recupere o papel das políticas activas de emprego que xa viron reducidas as súas achegas nos últimos catro anos nun 30 por cento; onde se recolliesen taxas de reposición dos empregados públicos; e un impulso da renda de integración social de Galicia, entre outras prioridades.

Pola súa banda, o voceiro do Grupo parlamentario socialista, Xaquín Fernández Leiceaga, amosou a súa coincidencia na diagnose realizada e puntualizou que, despois de oito anos de austeridade no eido laboral, dereitos sociais e servizos públicos, chegou o momento de recuperar dereitos.

En materia salarial, tamén chegou o momento de recuperar salarios, agora que medra a economía, como elemento de cohesión e para fortalecer a demanda interna co fin de fortalecer tamén a recuperación económica.

**ELAS TRABALLAN GRATIS**  **DO 8 DE NOVEMBRO AO 31 DE DECEMBRO**



## UGT e CCOO INSTAN AO GOBERNO A INCREMENTAR O SMI ATA 800 EUROS EN 2017 E SITALO EN 1.000 EUROS EN 2020, PARA RECUPERAR O PODER ADQUISITIVO

**Redacción.-** O secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Pino e o secretario de Acción Sindical de CCOO, Ramón Górriz, enviaron unha carta á ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez, na que instan ó Goberno a mellorar o SMI, incrementando a súa contía ata os 800 euros en 2017 e situalo ao final da lexislatura ao redor de 1.000 euros, aproximándose ao 60% do salario medio, obxectivo que establece a Carta Social Europea. Unha contía que permitirá recuperar o poder adquisitivo perdido e aproximarse aos salarios mínimos existentes na Unión Europea dos 15.

Gonzalo Pino e Ramón Górriz, ante a proximidade do período de actualización do Salario Mínimo Interprofesional para o ano 2017, reiteran a necesidade de preservar a protección das persoas que se atopan en situación de desemprego, así como mellorar o poder adquisitivo da poboación que recibe un salario menor e cuxas condicións de vida fóronse deteriorando desde a crise e a pesar da che-

gada da recuperación económica.

Neste sentido, lembran que as erróneas políticas económicas aplicadas desde 2010, as políticas de austeridade e desvalorización salarial tiveron como resultado que nos últimos sete anos os fogares españois teñan perdido de media un 13% da súa renda, que un 35% dos asalariados (case 5,9 millóns de persoas) reciba unha remuneración inferior ao SMI, que un 28,6% da poboación española estea en risco de pobreza ou exclusión social, case 5 puntos por encima das cifras de 2008.

Así mesmo, o SMI, que afecta ós traballadores que perciben os salarios máis baixos, sufriu unha importante perda de poder de compra nos últimos 5 anos, 2,7 puntos. Hai que lembrar que durante ese período de tempo as subidas nominais



do SMI foron irrisorias: menos de 14 euros (un 2,1%).

Para que a recuperación económica consolídese, UGT e CCOO inciden en que é necesario que se incrementen os salarios, xa que o consumo é a base do crecemento económico. Un argumento que foi sinalado polo propio presidente do BCE, Mario Draghi, quen pediu ante o Parlamento Europeo "unha subida dos salarios, que levan anos crecendo por baixo da produtividade", co obxectivo de impulsar a recuperación en Europa.

## UGT EXPLICA NA RÚA AOS TRABALLADORES/AS A IMPORTANCIA DE COIDAR A SÚA SAÚDE NO TRABALLO

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores trasladou á rúa a súa campaña "No traballo que non che obriguen a facer o animal", co obxectivo de concienciar aos traballadores e traballadoras das consecuencias que a súa actividade laboral pode ter na súa saúde ao longo do tempo.

A secretaria de Saúde Laboral e Medio Ambiente de UGT, Ana García de la Torre, estivo no intercambiador de transportes de Avenida de América, en Madrid, informando ós traballadores e usuarios das graves consecuencias que supón o incumprimento das medidas de prevención e saúde fixadas polas leis laborais, xa que algúns empresarios antepoñen o aumento dos beneficios á saúde dos seus traballadores.

"É necesario protexer a saúde presente e futura dos traballadores", sinalou Ana García, "porque durante estes anos de crise as persoas teñen medo a perder o seu posto de traballo e están a antepoñer o seu emprego á súa saúde".

A campaña céntrase, en maior



medida, nos trastornos musculoesqueléticos, por ser a primeira causa de accidentes de traballo, e no cancro de orixe laboral, xa que existe unha severa infradeclaración desta enfermidade como laboral.

UGT denuncia que o tipo de emprego que se está creando debido á reforma laboral, temporal e precario, está a agravar a seguridade e saúde dos traballadores. Isto únese á es-

casa conciencia dos empresarios en materia de prevención, que a ven como un gasto en lugar dun investimento.

Por iso, o sindicato vai continuar desenvolvendo esta campaña en todos os puntos do país co fin de concienciar aos traballadores nesta materia e animarlles a denunciar calquera situación que prexudique a súa saúde.

## UGT transmite a súa solidariedade aos traballadores cubanos

**Redacción.-** Pepe Álvarez, secretario xeral e Jesús Galego, secretario de Política Internacional da Unión Xeral de Traballadores (UGT,) remitiron nunha carta ao secretario xeral da Central de Traballadores de Cuba, CTC, a solidariedade das afiliadas e afiliados de UGT con motivo do falecemento de Fidel Castro.

Na súa carta, a UGT di compartir cos traballadores e traballadoras de Cuba "o sentimento de perda dunha persoa que foi clave na historia recente de Cuba, nos logros do pobo cubano, nos seus avances e nos seus erros, na contribución do pobo cubano e a súa revolución ás causas da soberanía, a independencia e a autodeterminación dos pobos do mundo", e anima á CTC a seguir loitando para estender o valor da solidariedade cubana para "contribuír á superación dos problemas da exclusión e a pobreza a través das súas misións de saúde, educación, deporte e cultura, en América Latina e o Caribe, así como outras rexións do mundo".

## É NECESARIO UN PACTO DE ESTADO FRENTE AO VIH QUE LEVE RECURSOS ECONÓMICOS E HUMANOS



**Redacción.-** No marco do Día Mundial da Sida, UGT xunto con outros sindicatos e organizacións da sociedade civil elaboraron un manifesto para denunciar a persistencia da discriminación e a exclusión socio-laboral asociada a esta enfermidade.

Unha discriminación que se dá tamén no ámbito da Administración Pública a quen se pide exemplaridade nun manifesto que demanda "un Pacto de Estado fronte ao VIH, a sida, o estigma e a discriminación que leve recursos económicos e humanos para devolver o VIH á axenda do Goberno".

Hai que asegurar a igualdade no acceso ao emprego, a participación dos diferentes interlocutores sociais para desenvolver políticas transversais dirixidas a erradicar a discriminación no emprego e facilitar a empregabilidade e un salario digno ás persoas máis vulnerables. Nese sentido, as organizacións asinantes reafirman o seu compromiso para traballar conxuntamente na loita contra a sida e a discriminación sociolaboral e lograr a participación e a responsabilidade compartida na resposta ao VIH desde todos os ámbitos.

## UGT CELEBRA O APOIO DO CONGRESO Á DERROGACIÓN DA LEI MORDAZA

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores celebra a decisión do Congreso dos Deputados de aprobar unha moción presentada polo PSOE para a derogación da Lei de Seguridade Cidadá, a chamada "Lei Mordaza", referendando unha das reivindicacións do sindicato máis importantes dos últimos anos xunto coa necesidade de derrogar o artigo 315.3 do Código penal que criminaliza o dereito de folga.

Unha iniciativa que saíu adiante tan só co voto en contra do PP, o que demostra como é posible nesta nova etapa política reverter desde o arco parlamentario as medidas inxustas e innecesarias impostas os últimos anos desde o Goberno, grazas ao cambio que a maioría dos cidadáns deste país apoiaron nas urnas o pasado 26-X.

Para UGT, esta Lei, aprobada polo PP e que entrou en vigor en xuño de 2015, supón un erro gravísimo ao establecer restricións ao exercicio de dereitos fundamentais e cemar liberdades democráticas para acallar a protesta social, algo que é propio de gobernos autoritarios.

Un toque de cometa autoritario nunha situación na que a inmensa maioría da so-

cidade española quere máis liberdade, máis diálogo e que se cambien as políticas para poder recuperar a economía e o emprego.

O sindicato xa se manifestou en numerosas ocasións contra unha norma que pretende converter o conflito social ou laboral nun continuo conflito de orde pública, que limita as liberdades e que lonxe de ofrecer vías de integración e de expresión dos conflitos sociais óptase pola acción represiva.

A propia Comisión Europea xa reprochou ao Goberno de España a "desmesura desta Lei e o impacto negativo que tería sobre os dereitos das persoas", pero o Goberno continuou apoiando un texto que constitúe un retroceso sen precedentes na historia democrática do noso país.

Para UGT, é fundamental adoptar medidas para fortalecer a democracia e facela máis igualitaria e integradora, despois dunha Lexislatura de maiorías absolutas e regresión na calidade de vida dos cidadáns.



Por iso, o sindicato valora esta iniciativa, pero reclama tamén a derogación da reforma da Lei de Enxuzamento Criminal, a de taxas xudiciais ou a supresión do art. 315.3 do Código penal, que criminaliza o dereito constitucional de folga, e a exoneración de todos os traballadores condenados por exercer este dereito, para conseguir recuperar plenamente os dereitos sociais da poboación.

Iníciase un novo tempo político afastado dos autoritarismos e decretazos dos últimos anos. Os partidos políticos deben ser conscientes de que as persoas están cansadas xa de austeridade e recortes, xa non só no plano económico, senón tamén en todo o referente aos seus dereitos como cidadáns. Por iso, o sindicato chama a reverter no arco parlamentario as políticas que provocaron tanto sufrimento á poboación e aprobar novas medidas máis expansivas que permitan recuperar o Estado de Benestar que tantos anos custou construír.



## O PACTO DE TOLEDO DECLARA QUE AS PENSÍONS DE VIUEZ SON CONTRIBUTIVAS, EN RESPONSA A BÁÑEZ



**Redacción.-** As declaracións á ca-dea COPE de Fátima Báñez, o pasado mércores, aludindo a que "o que se pagan as pensións de viuvez e orfandade cos Orzamentos, e non con cotizacións é irrelevante para as persoas que as perciben, porque a prestación en si non cambian" é unha afirmación, segundo Mari Carmen Barrera, secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT, impropia de alguén que ostenta a máxima responsabilidade ministerial pois, en materia de prestacións da Seguridade Social e sobre todo de pensións.

As fontes de financiamento están -manifesta Barrera- estreitamente relacionadas coa natureza da prestación. "Concretamente, as prestacións de natureza asistencial fináncianse todas con cargo aos Orzamentos do Estado. Non así as pensións, onde o financiamento a través das cotizacións define ás pensións como contributivas, configurando o financiamento un elemento definitorio da súa natureza xurídica".

Nas súas declaracións, a ministra "aínda contribúe máis a estender o que vai máis aló dunha incorrección ou erro", ao declarar que "esta é unha proposta que responde ao que o Pacto de Toledo pediu no seu día: que as pensións de morte e supervivencia págúense desde os Orzamen-

tos Xerais do Estado". Esta afirmación "non reproduce a verdade nin fai honra ao escrito no Pacto de Toledo, onde na súa última revisión de 2011 nin na anterior de 2003 non aparece ningunha recomendación semellante ao afirmado por ela. Pola contra, na última revisión do Pacto de Toledo de 2011 establécese con total claridade que "as pensións de viuvez e orfandade teñen natureza contributiva". Igualmente, na recomendación primeira do Pacto de Toledo contempla que "as pensións de natureza contributiva financiaranse maiormente con ingresos procedentes das cotizacións".

É posible que a ministra non o saiba" - sinala Mari Carmen Barrera-. "Pode ser, como quizá tampouco saiba que as pensións de viuvez e orfandade forman parte do sistema de pensións públicas da Seguridade Social, desde o ano da súa creación en 1942 e que as mesmas responden á realidade social do noso país, marcada por unha moi tardía emancipación feminina e incorporación ao mercado laboral, por causas relacionadas directamente co réxime ditatorial que gobernou o noso país".

"A ministra -declara Barrera- tería que responder, e non o fai, aínda que xa desde UGT e desde moitos outros ámbitos expúxoselle reiteradamente, a estas preguntas por que se o déficit é da Seguridade Social

só se expón achegar diñeiro desde os PXE para financiar as pensións de viuvez e orfandade" Porque non achegar ao sistema da Seguridade Social o que o Goberno estea disposto a achegar para financiar as pensións de viuvez e orfandade"

A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social apunta que "en UGT criamos que o problema do déficit da Seguridade Social era de falta de recursos públicos, pero se o Goberno pensa dispoñer de cantidades a través dos PXE, porque non as achega para liquidar o déficit da Seguridade Social sen máis". Porque poñer no foco a estas pensións en exclusiva, por encima de todo o sistema". É evidente que tras estas afirmacións ocúltanse outras intencións máis aló da mera solución do déficit, que desde logo isto non soluciona pois non hai aforro para a Seguridade Social se o Goberno debe poñer diñeiro nos PXE de onde saíran os fondos necesarios". Saber iso si que sería unha solución, evidentemente.

O que non conta a ministra, asegura Mari Carmen Barrera, é que o paso progresivo das pensións de viuvez e orfandade a financiamento vía presupostos cambiaría estas pensións a asistenciais e integraríanse nos sistemas de asistencia social das CCAA. Sería a súa saída do sistema da seguridade social e ademais unha tremenda inxustiza, pois non só serían obxecto de recorte e unificadas a contía única (aínda que procedan de cotizacións diferentes) senón que o seu financiamento e o dereito para cobrar esta pensión non quedaría garantido. Onte mesmo, un experto recoñecido cualificaba de "limbo xurídico" para as pensións de viuvez e orfandade, as pretensións expresadas o pasado mércores.

En UGT, sinalar, "loitaremos contra iso decididamente, está en xogo a integridade do noso sistema público de pensións e o futuro do noso xa exíguo estado de benestar".

**Programa de garantía xuvenil**

**Programa extraordinario de activación para o emprego**

**INFÓRMATE!**

Dirixete ás sedes de **UGT**  
ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

## O GOBERNO CASTIGA AOS PENSIONISTAS AO TENTAR IMPEDIR QUE AS PENSIONÍS SUBAN UN 1,2%, EN 2017

**Redacción.-** O veto do Goberno á proposición de lei presentada, no Congreso, polo PSOE, Unidos Podemos, ERC, PDC e PNV (unha proposición que recolle a demanda sindical de UGT e CCOO), para revalorizar as pensións, en 2017, un 1,2%, conforme á previsión do IPC, supón un veto aos cidadáns e pensionistas, aos que se utiliza inxustamente para cadrar uns Orzamentos Xerais do Estado, deseñados en función dunha política económica errónea e que non atende as necesidades sociais.

Este veto é, ademais, de dubidosa xustificación, pois o Goberno, en principio, só pode vetar iniciativas que afecten os orzamentos que están en vigor, non aos dos seguintes exercicios (o Goberno alega que esta subida de pensións do 1,2% supoñería un custo adicional de 1.150 millóns de euros nos PXE de 2017, que aínda non están aprobados). UGT confía en que a mesa do Congreso non admita este veto.

Doutra banda, a actitude do Goberno de vetar as iniciativas cun respaldo parlamentario maioritario, demostran a súa escasa vontade para corrixir as políticas que impuxo na anterior lexislatura, cando contaba con maioría absoluta. Unhas políticas que incrementaron os niveis de pobreza e desigual-



dade no noso país e supuxeron unha perda de liberdades sen precedentes. O Executivo debería ter en conta que 7 de cada 10 cidadáns votaron cambio, nas pasadas eleccións xerais, e, neste sentido, respectar a vontade maioritaria da poboación que queren recuperar os dereitos sociais e laborais que lles arrebataron.

Doutra banda, Cidadáns ten moi difícil explicar aos pensionistas, porque non se suma a esta proposición de lei (que trata de evitar que os pensionistas perdan poder adquisitivo, en 2017). Escúdase no argumento de que a revalorización das pensións en función do custo da vida, en 2017, é "un parche".

UGT reitera que o problema do Sistema Público de Pensións, non é de gastos senón de ingresos e que o Goberno de Mariano Rajoy fixo saltar polo aire o consenso sobre pensións ao impoñer, en 2013, unha reforma que supoñería unha perda de poder adquisitivo para os pensionistas presentes e futuros. Unha reforma, na que se suprimiu a revalorización automática das pensións conforme ao IPC. Así mesmo, acusa o Executivo de Rajoy de aplicar unha política económica moi daniña para o noso Sistema de Seguridade Social e para o propio Estado de Benestar, unha política que parece velar máis polos intereses privados que polo interese público.

## CÁNDIDO MÉNDEZ RECIBE A INSIGNIA DA ORDE NACIONAL DO MÉRITO DE FRANCIA

**Redacción.-** A Comisión Executiva Con-federal de UGT, encabezada polo seu secretario xeral, Pepe Álvarez, asistiu á entrega da insignia oficial da Orde Nacional do Mérito de Francia ao exsecretario xeral de UGT, Cándido Méndez.

Na súa intervención, Méndez agradeceu ao presidente francés, á clase traballadora francesa, representada polas súas organizacións sindicais, así como á súa familia e á Unión Xeral de Traballadores este recoñecemento que, segundo manifestou "pertence a UGT enteira".

No acto, no que tamén estiveron presentes Nicolás Redondo, exsecretario xeral de UGT e outros membros das executivas do sindicato, así como a ministra de Emprego, Fátima Báñez; e o presidente da patronal, Joan Rosell, e representantes doutras organizacións sindicais, entre outras personalidades.

Méndez resaltou que Francia é o berce da liberdade, o berce do progreso. E, neste sentido, afirmou hoxe que "o aumento das

desigualdades foi moi notable nos países europeos" e que Francia "está á cabeza" na loita polos dereitos sociais e laborais, polo que "seguirá sendo faro de Europa" nesta materia.

Durante a entrega da insignia oficial da Orde Nacional do Mérito de Francia coa que foi condecorado, Méndez resaltou que os avances en dereitos logrados nun país "poden servir para alcanzalos noutros" e puxo como exemplo o sistema de Seguridade Social francés e o español.

Tamén asegurou que unha política de convivencia como a actual é "complexa" e só pode ter como motor a solidariedade. E incidiu na importancia da solidariedade interxeracional e de "preservar os dereitos que dimanan do Estado do benestar", cuestión que "debe partir do recoñecemento de que



a sociedade é unha alianza entre os vivos, pero tamén dos vivos cos que xa morreron e cos que están por nacer".

Sinalou que habería que reflexionar e profundar en como eliminar o sufrimento que provoca a perda dun posto de traballo e xerar dereitos de xiro social, "e para iso fai falta confianza", dixo. Neste sentido, indicou que tanto os españois como os franceses "teñen pouca confianza nas institucións" e indicou que os interlocutores sociais deberían traballar para recuperala.



## A IGUALDADE NO MERCADO DE TRABALLO, A DEBATE EN AROUSA E VIGO

**Redacción.-** Baixo o título “A igualdade no mercado de traballo. Un dereito. Un deber”, UGT organizou sendas xornadas en Arousa (29 de novembro) e Vigo (2 de decembro). Xornada que tamén se celebrará o vindeiro día 13 en Pontevedra.

Nestas xornadas debatiuse sobre se existe realmente a igualdade no mercado laboral; que papel debe xogar a negociación colectiva como ferramenta para o cambio; sobre a prevención desde a perspectiva de xénero; e finalmente, tamén se analizou a importancia dos plans de igualdade, a súa estrutura e contido.

En ambas xornadas insistíuse en que aínda queda moito por facer no eido da igualdade no mercado laboral e alertouse que na conxuntura de crise destes últimos anos foron moitos os temas relacionados coa igualdade que pasaron a ocupar un papel secundario.

Os ponentes fixeron fincapé en que a igualdade no traballo é un dereito ao que

non se pode renunciar.

En ambas xornadas a secretaria de Igualdade, Xuventude e Movements Sociais de UGT-Galicia, Mónica Rodríguez, desenvolveu a ponencia: “Existe a igualdade no mercado laboral?”. Tamén analizou os plans de igualdade, a súa estrutura e contido.

“A prevención da saúde dende a perspectiva de xénero” foi analizada en Arousa por Víctor Fernández e en Vigo por Yolanda Rodelgo, ambos técnicos de prevención de riscos laborais do Sindicato en Galicia.

A maiores, en Vigo, María Dolores Somoza, responsable de igualdade de UGT-Vigo, falou sobre “A negociación colectiva como ferramenta fundamental para o cambio”.



Xornada Arousa



Xornada de Vigo

## SEGUIMENTO MASIVO DA FOLGA DO TELEMARKEETING



**Redacción.-** Este luns os traballadores de telemarketing secundaron masivamente a convocatoria de folga no sector para denunciar o bloqueo patronal e o seu abandono da mesa de negociación do convenio.

De continuar esta situación, esta vez xa en solitario, UGT ten convocada folga a semana do 5 ao 11 de

decembro, onde se van bloquear todos os servizos de atención ao cliente e poñeranse así aos traballadores do sector no lugar que lles corresponde.

Dende FeSMC tamén se informa que UGT xa denunciou en solitario á patronal (ACE) por bloqueo na negociación do convenio, posto que ACE,

de xeito unilateral, abandonou a mesa de negociación.

Os 90.000 traballadores do sector denuncian os recortes continuos nas súas condicións laborais e apostan por mellorar e avanzar en materia de dereitos, algúns deles xa recoñecidos en convenios anteriores.